



## CONCELLO DE BEGONTE

### **DECRETO DA ALCALDÍA.-**

**ASUNTO:** Convocatoria para a selección en réxime laboral temporal de 2 peóns en situación ou risco de exclusión social perceptores de RISGA.

Vista a convocatoria realizada para a selección con carácter laboral temporal de 2 **Peóns**, ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria. (DOG nº 6, de 9 de xaneiro de 2019).

Visto, o disposto nas correspondentes bases reguladoras, aprobadas por Resolución desta Alcaldía de data 9 de outubro de 2019,

Pola presente, e en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local, RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Designar ao Tribunal cualificador do devandito proceso selectivo composto polas seguintes persoas:

**Presidente:** Dna. Sara Martínez Ferreiro, Empregado Público do Concello de Begonte.

**Suplente:** D. Manuel Seijas Ferreiro, Empregado Público do Concello de Begonte.

**Vogais:**

- Dna. Carmen Vázquez García, Empregado Público do Concello de Begonte.  
Suplente: D. José Manuel López Díaz, Empregado Público do Concello de Friol.
- D. Alberto Jaime Lugilde Gude, como representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria.  
Suplente: Dna. M.<sup>a</sup> Mar Iglesias García, como representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Dna. M.<sup>a</sup> Carmen Cruces Artero, Representante do equipo de inclusión sociolaboral dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.  
Suplente: D. Juan Carlos Pérez Portas, Representante do equipo de inclusión sociolaboral dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

**Secretaría:** Dna. Natalia Puente Piñeiro, Empregado Público do Concello de Begonte.

**Suplente:** D. Antonio Lorenzo Morandeira, Empregado Público do Concello de Begonte.

**Asesor do tribunal** para a realización da proba práctica: D. Ramón Gayoso Fernández, operario de obras e servizos múltiples do Concello de Begonte.

**SEGUNDO.-** Convocar ao Tribunal de selección cualificador para o vindeiro luns, día 14 de outubro de 2019 ás 10h00 horas nas Oficinas da Casa do Concello de Begonte, para a súa constitución e proceder a realización da proba práctica e valoración na fase de concurso dos meritos alegados polos aspirantes.





## CONCELLO DE BEGONTE

Convocar asemade, en único chamamento, aos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego aos efectos da realización das entrevistas, realización da proba práctica, nos seguintes horarios:

- 10.30 h. no Polígono Industrial de Begonte- Nave municipal, proba práctica.

\* Os aspirantes deberán ir provistos de D.N.I. ou documento identificativo.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no Taboleiro de anuncio da Casa do Concello, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica, na Páxina Web, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Alcaldía ou directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do edicto.

Acórdao, mándao e asíno o Sr. Alcalde- Presidente, en Begonte, do que eu Secretario certifico.

O Alcalde- Presidente

O Secretario- Interventor.

